

O VII Congreso do SLG elixe a Carme Freire como nova secretaria xeral



SANDRA ALONSO / LA VOZ DE GALICIA

O 24 de novembro, o Sindicato Labrego Galego celebraba o seu sétimo Congreso. Moito choveu dende aquel 29 de abril de 1979 no que as Comisións Labregas organizaban o seu primeiro Congreso nunha sala de festas de

Sigüeiro; aquel día, a afiliación elixía a Bernardo Fernández Requeixo como secretario xeral. Agora, case trinta anos despois, o Sindicato Labrego Galego comeza unha nova etapa con Carme Freire á fronte da organización; nova etapa que se

xestou nun dos congresos máis rifados da historia do Sindicato pola concorrència de dúas listas: a da propia Freire e a de Xurxo Álvarez. Dúas sensibilidades para un mesmo ideal: unha Galiza rural viva.

Caderno central e contracapa.

Gaña a demanda do SLG de prohibir en solo rústico a minaría

BNG e PSOE inclúen entre as súas 33 emendas ao proxecto de Lei de Minaría de Galiza a prohibición de extraer mineral en solo de especial protección agropecuaria. **Páxs. 2 e 3**

Crise no kiwi do Baixo Miño e nos sectores porcino e cunícola

As xeadas arrasaron a colleita de kiwi do Baixo Miño. Nos sectores cunícola e porcino, a alza custes e a caída de prezos ameaza a viabilidade de moitas explotacións. **Páxs. 5 e 7**

Xosé Ramón Cendán reuniuse coa Comisaría de Agricultura

O responsábel de relacións internacionais do SLG denunciou ante Mariann Fischer Boel unhas políticas agrarias que poden levar ao colapso ao noso medio rural. **Páx. 9**

O sector do viño mobilízase contra a reforma da OCM

O Sindicato Labrego manifestouse para esixir do Ministerio de Agricultura unha posición clara de cara a defender a vitivicultura de calidade e as denominacións de orixe. **Páx. 11**

Atenden a demanda do SLG de prohibir a minaría en solo rústico

BNG e PSOE presentan unha emenda ao proxecto de lei para evitar a extracción en terra agraria protexida

Entre as 33 emendas que presentaron BNG e PSOE ao proxecto de Lei de Minaría de Galiza, atópase unha que alude, expresamente, a prohibir as actividades mineiras en solo de especial protección agropecuaria. O anuncio foi

feito polo deputado nacionalista Fernando Blanco, que participou nas Xornadas sobre a Lei de Minaría que o SLG e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega) organizaron en Vilalba o 19 e 20 de outubro.



A testemuña directa de persoas e comunidades prexudicadas polas actividades mineiras foi un dos miolos das xornadas

Aínda que está pendente que o Parlamento de Galiza aprobe esta lei, a maioría coa que contan BNG e PSOE fai prever que saian para adiante as súas 33 emendas. Desta maneira, atenderíase ás ale-

gacións presentadas polo Sindicato Labrego ao anteproxecto para defender os intereses das explotacións agropecuarias do noso país.

Ademais, para autorizar actividades extractivas serán

necesarios informes preceptivos das consellarías competentes na materia, como Medio Rural ou Industria.

Outra das novidades importantes que achegará esta lei será a creación do Conse-

llo da Minaría de Galiza no que estarán representadas as organizacións agrarias, as comunidades de montes e as asociacións ecoloxistas, en contra dos criterios do PP, que as quería fóra.

Farase unha nova declaración de impacto ambiental para as minas da Terra Chá

Polo demais, as xornadas serviron para coñecer as problemáticas que están a xerar as actividades mineiras en diversas comarcas de Galiza, país onde o 80% das canteiras -unhas trescentas- son alegais. Así, falárono do seu caso labregas como María Pardo Barbeito, da parroquia d'As Encrobas e afectada pola contaminación de Meirama (ver Fouce 258); ou Henar Román Fernández, membro da Dirección Nacional do SLG e presidenta da Comunidade de Montes d'A Labrada, en Abadín, onde están a acusar

o impacto da mina ilegal de Ingemarga.

Outro colectivo representado nas Xornadas sobre a Lei de Minaría foi o da xente afectada polas concesións mineiras a Erimsa na Terra Chá, representada polo seu voceiro, Xoán Novo. Neste senso, e días despois das xornadas, na xuntanza do Consello Galego de Medio Ambiente, o titular desta Consellaría, Pachi Vázquez, comprometiase publicamente a elaborar e reformular de oficio a declaración de impacto ambiental que existía ata o de agora con respec-



Carme Freire, polo SLG, e Adela Figueroa, como presidenta de Adega, encargáronse de clausurar as xornadas

to ás concesións mineiras a Erimsa na Terra Chá. Desta maneira, o Conselleiro atendía unha das demandas formuladas nas Xornadas

sobre a Lei de Minaría, e que formaba parte das reivindicacións tanto do Sindicato Labrego Galego como de Adega.

Adega e SLG acudiron ao Parlamento para dar a coñecer o impacto da minaría aos partidos políticos

As conclusións das xornadas xa están en mans dos grupos parlamentarios galegos

O 27 de novembro, a Lei de Ordenación da Minaría de Galiza iniciaba o seu trámite parlamentario co debate en pleno dunha emenda á totalidade presentada polo PP. Aproveitando a

ocasión, tanto Adega como o Sindicato Labrego, representados por Daniel López Vispo e Margarida Prieto Ledo, fixeron entrega aos tres grupos parla-

nadas que sobre actividade mineira e a Lei de ordenación da Minaría de Vilalba, para poñelos ao corrente do forte impacto da minaría sobre a agricultura e o medio ambiente.

Ademais, Vispo e Prieto solicitaron de cada un dos grupos políticos do Parlamento cadansúa entrevista co fin de presentar con maior detalle estas conclusións sobre a Lei de Ordenación da Minaría.

Nestas conclusións, explícase que a minaría a ceo aberto é unha actividade de moi graves impactos sobre o territorio, sobre os distintos usos do solo e sobre o medio ambiente, resultando incompatible con practicamente todas as demais funcións da terra. Cómpre, pois, poñer ao día unha lexislación preconstitucional -Lei de Minas do ano 1973 e Regulamento da Minaría de 1978-, que non reflicte ningunha preocupación pola ordenación do territorio, pola protección dos diversos usos do solo, ou pola

conservación do medio ambiente e do noso patrimonio natural.

Esta posta ao día da lexislación terá, pois, que empezar por garantir con total seguridade a inexcusábel protección do medio ambiente e dos outros usos do solo, sen seguir tolerando unha actividade mineira que semella non estar suxeita á ningún tipo de normativa legal de protección ambiental e de ordenación do territorio.

Tampouco pode ignorar a futura Lei que os recursos mineiros, sexan cales sexan, non son renovábeis a escala humana e, polo tanto, haberá que asegurarse que a actividade de hoxe non comprometa o desenvolvemento das xeracións futuras e o acceso destas á terra e aos recursos minerais.



Vispo e Ledo reuníronse co deputado Fernando Blanco, quen tamén participou nas xornadas

A minaría en Galiza segue a estar regulada por unha lei estatal preconstitucional de 1973 e non contempla ningún tipo de esixencia medioambiental. Hoxe en día, a única que ten lei de minaría propia é Asturias, polo que facer unha para Galiza foi valorada "positivamente" por Adega e Sindicato Labrego.

Ambas organizacións apreciaron que o texto legal queira facer da minaría unha actividade planificada respectando os demais usos do solo, posibilitando a participación cidadá a través do Consello da Minaría, creando mecanismos para que a riqueza que crea a extracción de minerais beneficie tamén ás comarcas nas que se asentaron os xacementos, e con vontade de que os ciclos produtivos se poidan pechar no noso país para xerar máis valor engadido.

Máis en concreto, esta lei pretende rematar cunha situación na

Un sector que se rexe aínda por unha lei preconstitucional de 1973



O valiosísimo patrimonio natural do Courel é un dos máis ameazados no noso país pola acción devastadora e incontrolada das canteiras de pizarra a ceo aberto

que a tónica xeral é o incumprimento xeneralizado da Lei de Mi-

naría de 1973. Sen ir máis lonxe, o 80% das canteiras galegas, máis ou

menos unhas trescentas, son ilegais, dan emprego a unhas 1.500 persoas e supoñen o 2% do Produto Interior Bruto de Galiza. Respecto disto, as conclusións das xornadas foron ben clariñas: "A situación de ilegalidade na que se encontran o 80% das explotacións mineiras non ten outra responsabilidade que a das propias empresas mineiras que actuaron con pleno coñecemento de tal ilegalidade e a das administracións de minas, de política territorial e municipais que consentiron nesta ilegalidade. Non pode, pois, obrigárenos ao conxunto da sociedade a que aceptemos a legalización de todas estas explotacións sen estudar e decidir sobre os demais usos do solo que merezan ser prevalentes".

Isto último fai referencia á petición do Partido Popular de pretender que se regularice a situación de todas as minas de Galiza.

Editorial

Horizontes

O 24 de novembro do 2007 é xa unha data histórica para o Sindicato Labrego Galego. Posiblemente, tamén será unha data histórica fóra da nosa organización.

O noso VII Congreso, con todo o que tivo de debates e apostas, representou -interna e externamente- o camiñar cara a horizontes necesarios no noso país e no mundo.

O horizonte de podermos vivir dignamente do noso traballo de produtores e produtoras de alimentos frescos e transformados (aos que non deberíamos ter que poñerlle o cualificativo de sans e de calidade) para a totalidade da cidadanía FAISE IMPRESCINDIBLE, e non só necesario: imprescindible se queremos ter un medio rural vivo, con outras actividades económicas tamén, cun medio ambiente para as xeracións futuras, cunha

paisaxe propia, cunha cultura e patrimonio propios, cunha distribución equilibrada de poboación en toda a xeografía... En definitiva, podermos vivir dignamente do noso traballo de produtores e produtoras de alimentos é imprescindible SE QUEREMOS TER PAÍS.

O horizonte, como pobo, de podermos comer. Si, de podermos comer. De podelo facer, ademais, con eses alimentos nosos polo que supón non só como aposta de desenvolvemento económico, senón como aposta social, medioambiental e de soberanía. FAISE URGENTE, e non só necesario, se non queremos que a nosa TERRA sexa engulida polas multinacionais e pola política que estas marcan... En definitiva, podermos comer os

nosos propios alimentos, como pobo, faise urgente SE QUEREMOS TER PAÍS.

Neste Congreso, ilusionante para moitas outras persoas e organizacións que así nolo fixeron saber, tamén se FIXO PATENTE o horizonte da nosa autoorganización como labregos e labregas, como persoas que, colectivamente, aquí e no mundo enteiro, debatemos, discutimos, elaboramos, propoñemos, defendemos e camiñamos NO CAMIÑO DE TERMOS PAÍS.

Que nos sirva, pois, tamén o esforzo que cadaquén poñemos no día a día, desde a nosa casa, desde a nosa explotación, desde a nosa organización, como ORGULLO DE CONSTRUÍRMOS PAÍS E TAMÉN UN ANAQUIÑO DE HISTORIA.



As xeadas devastan boa parte da produción de kiwi do Baixo Miño

O SLG acada que os seguros se adapten á realidade galega, pero Bruxelas impide as axudas directas

O 16 e 17 de novembro, unhas temperaturas insólitas de -8º na bisbarra do Baixo Miño arruinaron colleitas enteras de kiwi. Ninguén lembraba unha xeadada semellante, xusto en plena

maduración do froito. As consecuencias foron devastadoras: unhas 350 toneladas de produción estragadas, cun valor duns 250.000 euros, e 45 explotacións afectadas, algunhas delas

ao borde do peche ao non dar salvado nin unha peza de froita. Por riba, os seguros agrarios para o kiwi, deseñados para outras zonas do Estado, só cubrían danos ata o 15 de novembro.

Diante da situación crítica á que se enfrontaba o sector do kiwi do Baixo Miño tralas xeadas, o Sindicato Labrego Galego solicitou unha reunión urxente coa Consellaría de Medio Rural para tentar buscar solucións. O encontro celebrábase o 3 de decembro. Por parte do SLG acudiron ao encontro a responsable da Dirección Nacional de Horta e Froita, Pura Seoane, e o coordinador no Baixo Miño, Salvador Martínez; mentres que, en representación da Consellaría, estiveron o xefe de gabinete, Xosé Manuel Puga, e o delegado provincial en Pontevedra, Gonzalo Constenla. Tamén estiveron representantes dos produtores e produtoras afectados e da Asociación Galega do Kiwi.

Un dos obxectivos do encontro era tentar que se declarase ao Baixo Miño zona catastrófica, xa que nunca houbera unha xeadada destas características, xusto na época de maduración do froito, e que causase tanto dano. De feito, lémbrese hai vinte anos unha xeadada semellante, pero acontecera en maio, na época de floración. A pesares das cifras e da excepcionalidade do problema, a proposta de considerar esta bisbarra como zona catastrófica non prosperou, do mesmo xeito que se lles explicou aos presentes a imposibilidade de dar axudas directas ás explotacións afectadas ao estar prohibido pola normativa comunitaria.

Quitando estes impedimentos, falouse de conceder axudas ao sector do kiwi a través de convenios de cara a mellorar a produtividade e a calidade, a formación profesional, e para potenciar económica e comercialmente este tipo de produción.



Pura Seoane e Salvador Martínez mediaron dende o SLG para acadar o apoio de Medio Rural

■ Cobertura de seguros só ata o 15 de novembro

Outro dos problemas tratados foi o dos seguros agrarios que, no caso do kiwi, non están adaptados á realidade do noso país. De

feito, o seguro do kiwi só cubre entre o 15 de marzo e o 15 de novembro, polo que os danos destas xeadas, que aconteceron o 16 e 17 de novembro, non están a cuberto.

O clima galego obriga a

apañar o froito máis tarde do 15 de novembro, para que os fríos do outono melloren a calidade e sabor do kiwi. Por iso, no noso país, o seguro para o kiwi debería cubrir ata o 30 de novembro.

Neste senso, os representantes de Medio Rural afirmaron que xa teñen unha resposta positiva de Agrosseguro para introducir esta modificación nas cláusulas do seguro para kiwis.

A pesares dos resultados positivos deste encontro, o Sindicato Labrego lamenta que as normativas europeas impidan que as explotacións afectadas, varias en creba técnica e con peche inminente, non poidan recibir axudas directas para paliar a súa situación. Ademais, o SLG vai seguir traballando para que se faga realidade unha táboa reivindicativa para este sector, na que se inclúen demandas como o establecemento de mecanismos interprofesionais para establecer prezos de referencia no sector con contratos homologados, ou a realización de campañas publicitarias para promover o consumo de kiwi galego de calidade.

“Aínda que apañe froita o ano que vén, non cobrarei un céntimo ata agosto de 2009”

Milagros Carrera rexenta unha plantación de kiwi ecolóxico de media hectárea en Goiá, Soutelo, concello de Tomiño. Neste ano 2007, acadou unha das súas mellores colleitas, tanto en calidade como en cantidade, “unha produción récord de 24 toneladas, cando unha hectárea non dá moito máis, e de categoría extra”.

Se atendemos ao prezo medio en orixe para o kiwi, que anda en 60 céntimos, Milagros perderá de ingresar 14.400 euros. Pero, ademais, non só non obterá beneficios, senón que todos os gastos que lle ocasionou a plantación ficarán ao descuberto.

“A xeadada afectoulle á totalidade da miña explotación”, explica, “e para colmo de males, creo que o 50% da vara para reprodución das plantas tamén está afectada pola xeadada, polo que non só sufrirei a perda dos froitos este ano, senón que a produción verase afectada negativamente nos anos vindeiros”. As perspectivas non son moi boas: “aínda que apañe froita o ano que vén, ata agosto de 2009 non cobraría, e durante os dous vindeiros anos vou ter que comer igual, e a explotación vai seguir tendo gastos”.



As xeadas estragáronlle a Milagros unha produción récord de 24 toneladas de kiwi ecolóxico e de calidade

SLG e Inega fometan o aforro enerxético nas actividades agropecuarias

O Sindicato Labrego Galego e o Instituto Enerxético de Galiza (Inega) asinaron, o pasado 8 de outubro, un convenio de colaboración para realizar varios cursos de cara a promover e formar a labregos e labregas en técnicas de uso eficiente da enerxía na agricultura e na gandería.

O convenio de colaboración foi asinado polo director do Inega, Xoán Ramón Doldán, e a daquela secretaria xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra.

Estas medidas están incluídas no Plan de Acción 2005-2007 da Extratexia de Aforro e Eficiencia Enerxética en España E4 2004-2012, plan que dirixe e financia o Instituto para a diversificación e Aforro de Enerxía (IDAE).

No aspecto práctico, o Sindicato Labrego Galego levou a cabo cinco cursos, entre novembro e decembro, cunha participación media de trinta persoas, en Vilalba, O Barco de Valdeorras, Teixeira, Lalín e Ribadeo.

Amais da teoría impartida en aula, a xente que participou tivo ocasión de visitar explotacións que están a cumprir os obxectivos de aforro e eficiencia enerxética, como a Gandería O Lameiro, en Añá (Frades).

Avances nas minas da Terra Chá e na ZEPA da Limia grazas ao SLG

O Sindicato Labrego velou polos intereses do noso agro no Consello Galego de Medio Ambiente

O 22 de outubro, celebrábase en Compostela o Consello Galego de Medio Ambiente, convocado pola Consellaría homónima e presidido polo seu titular, Pachi Vázquez. O SLG acudiu representado polo responsábel dos sectores

agrarios, Xosé Manuel González Vilas, que fixo dez preguntas sobre temas como a Zona Especial de Protección de Aves da Limia (ZEPA), as concesións mineiras na Terra Chá ou o parque ambiental de Carballada.

Respecto do tema da ZEPA, o Conselleiro comprometeuse a recibir con carácter inmediato ao Sindicato Labrego, invitación que foi rexeitada por respecto ás demais organizacións integradas na plataforma contra esta zona de protección ornitolóxica.

Posteriormente, as negociacións habíanse desbloquear grazas ao encontro entre Lidia Senra e o presidente Touriño, xunto cos secretarios xerais das outras dúas organizacións agrarias. Senra falou ao presidente da problemática da ZEPA e, a partir de aí, o Conselleiro de Medio Ambiente decidiu convocar o 30 de novembro ás organizacións agrarias e ecoloxistas (Adega, Federación Ecoloxista Galega e Sociedade Galega de Historia Natural).

O encontro serviu como primeira toma de contacto e para comprobar que ningunha das organizacións, nin ecoloxistas nin agrarias, estaban satis-



González Vilas, primeiro pola esquerda, foi o representante do Sindicato Labrego Galego

feitas co proxecto da Consellaría. Así, ficaron empuzadas para o 21 de decembro, data na que se presentará un novo proxecto cunha zonificación distinta.

Outro dos logros conseguidos polo SLG no Consello Galego de Medio Am-

biente foi o compromiso de Pachi Vázquez de elaborar e reformular de oficio a declaración de impacto ambiental que existía ata o de agora con respecto ás concesións mineiras a Erimsa na Terra Chá.

Vilas tamén formulou

preguntas sobre o parque ambiental de Carballada de Avia, do que dixo o Conselleiro que non vai tratar residuos sólidos urbanos e que se vai dedicar só á reciclaxe, ocupando un polígono de 700.000 metros cadrados.

Medio Rural aposta por unha redistribución xusta do dereito a producir leite

Dende a Consellaría de Medio Rural estase a defender unha posición respecto do fin do sistema de cotas parella á do Sindicato Labrego Galego. Fíxoo durante a súa comparecencia parlamentaria sobre as propostas da UE no Exame de Saúde da PAC.

Así, Alfredo Suárez Canal, na súa comparecencia parlamentaria sobre as propostas da Unión Europea na revisión médica da PAC, defendeu a necesidade de modificar o actual sistema de cotas lácteas, cunha redistribución dos dereitos de produción e das

axudas directas atendendo a criterios sociais.

Suárez Canal asegurou que, nas actuais circunstancias, a eliminación do réxime de cotas proposto pola UE non sería a opción máis adecuada para o conxunto das explotacións galegas. O conselleiro avogou por unha redistribución dos dereitos de produción entre Estados, tendo en conta o balance produción/consumo e tamén criterios de carácter social; e tamén por unha prima única, variable segundo criterios como o tamaño da explotación ou a zona xeográfica.



Lidia Senra mantivo un encontro institucional con Emilio Pérez Touriño

O 2 de novembro, o presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, reuniase coa secretaria xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, e os representantes

das outras organizacións agrarias. Este foi o primeiro encontro institucional que un presidente da Xunta mantén cos representantes agrarios do país.

Minguan os lumes en Galiza nun 90% respecto da última década

O conselleiro do Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, presentou no Parlamento un informe co balance provisional da campaña contra incendios deste ano. Entre xaneiro e setembro rexistráronse 1.689 lumes que arrasaron 2.859 hectáreas. Isto supón unha redución dun 90,48% sobre a media de 1997 a 2005, que estaba situada en 30.000 hectáreas.

Canal ofreceu datos comparativos de meteoroloxía que evidencian que a choiva, sendo importante, non foi determinante na diminución de número de lumes nin de superficie afectada.

O SLG acada que Medio Rural active axudas na crise de porcos e coellos

As solucións á delicada situación das granxas son insuficientes pola pasividade do Ministerio de Agricultura

Unha comitiva do Sindicato Labrego mantivo, o 31 de outubro, un encontro co Conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, para tratar a forte crise que está a afectar aos sectores

porcino e cunícola galegos. Por parte do sindicato asistiron cinco produtores acompañados do responsábel dos sectores gandeiros, Xabier Gómez Santiso; e o coordinador en Pontevedra,

Mariano Lema. Acompañaron ao Conselleiro o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, Antonio Oca; e o subdirector xeral de Gandería, Francisco Chivite.



Produtores e sindicalistas expuxéronlle a Canal a delicada situación do porcino e o cunícola

A comitiva expúxolle aos responsábeis de Medio Rural unha situación na que houbo un forte incremento dos custos de produción, debido sobre todo á alza no prezo dos cereais; e un descenso dos prezos en orixe, nunha conxuntura na que non hai estancamento de vendas nin prezos máis baixos en consumo.

Así, o quillo de carne de porco anda polos 86 céntimos, mentres que o de coello está entre os 1'30 e os 1'35. Asemade, os custos de produción son bastante máis elevados ca iso. Todas as ex-

plotacións teñen perdas, que chegan en algunhas a miles de euros por semana.

A Consellaría explicou que a normativa europea impide dar axudas directas (agora mesmo, só están permitidas axudas de *minimis* dun máximo de 3.000 euros por explotación que, a partir de 2008, aumentaran a 6.000 euros).

A maiores destas axudas, Medio Rural ofreceuse a establecer os seguintes apoios: axudas a gastos sanitarios, créditos brandos, axudas á adquisición de animais de reposición de alto valor

xenético, e renegociación dos préstamos das explotacións que se acolleron a plans de mellora en vigor.

Máis a longo prazo, a Consellaría comprometeuse a activar medidas de tipo estrutural para evitar que crises como a actual se volvan repetir.

A pesares destas medidas "positivas e importantes para o sector", Xabier Gómez Santiso declarou que "non son suficientes, pois a unha explotación que estea a perder 18.000 euros á semana –que as hai– non lle chegarán a nada".

Manifestación do SLG e COAG en Madrid para que se implique tamén o Ministerio

A pesares das medidas de Medio Rural "positivas e importantes para o sector", Xabier Gómez Santiso declarou que "non son suficientes, pois a unha explotación que estea a perder 18.000 euros á semana –que as hai– non lle chegarán a nada para evitar o peche".

Neste senso, Santiso apuntou á necesidade de que o Ministerio de Agricultura se sume ao apoio a estas explotacións "con medidas como a redución dos módulos do IRPF ao 0%", pois se unha explotación ten cero de ganancia, non se pode presupor que vaia ter unha marxe de beneficio do 20%. "Tamén se poderían aplicar bonificacións nas cotas da Seguridade Social", engadiu o sindicalista.

O responsábel dos sectores gandeiros do SLG non dubidou á hora de apuntar "que a caída de prezos é premeditada e só busca que as granxas perdan moito diñeiro para verse na obriga de integrarse en determinados matadoiros.

Curiosamente, as granxas que están integradas en grandes industrias non teñen este tipo de problemas, que só padecen aquelas que traballan por libre e que producen e venden pola súa conta". Neste senso, Santiso indicou que "o Ministerio é o único que ten medios e competencias para investigar se realmente esta crise obedece a motivos especulativos, e é o único que pode tomar medidas ao respecto".

No capítulo de mobilizacións, estaba previsto realizar unha manifestación conxunta en Madrid, xunto ás demais organizacións agrarias, para reclamarlle ao Ministerio de Agricultura que se aplicase a fondo na solución da crise. En principio, a manifestación desconvocouse por chegar os sindicatos a un preacordo inicial con Agricultura.

Nembargante, e diante da inoperancia do Ministerio que dirixe Elena Espinosa, o Sindicato Labrego e a COAG decidiron manifestarse en Madrid; e iso a pesares de que as outras organizacións agrarias decidiron, ao final, non apoiar as mobilizacións. Ao peche deste Fouce, xa se estaban a facer os preparativos para viaxar á capital do Estado o 18 de decembro e denunciar a insuficiencia das axudas do Ministerio: créditos brandos (subvención de xuros e avais) e unhas cativas reducións nos módulos do IRPF. Medidas a todas luces insuficientes e, por riba, sen concretar.



Manuel Parada, cunicultor


"As granxas de coellos comezan a pechar"

A explotación cunícola de Manuel está en Moaña, e nela cría 500 nais. "Estamos coa auga polo pescozo", comenta, pois "o quillo de carne cóstanos produci-lo 1'70 euros, e estámolo cobrando a unha media de 1'40". Os gastos en pensos aumentáronlle en 1.700 euros ao mes. O resultado é que "as granxas da miña bisbarra están comezando a pechar".

Francisco Valdés, porcicultor

"Os cultivos enerxéticos están detrás da crise"

Francisco ten dúas explotacións en Teo, unha con 1.200 nais e outra con 400; amais de cinco cebadeiros en integración. O aumento do prezo dos cereais incrementoulle en 30 euros o cebo de cada porco, e leva perdidos uns 300.000 euros dende que comezou a crise. Está convencido de que boa parte da culpa téñena as axudas aos cultivos para agrocarburos.



A ONU denuncia que os agrocarburentes poden provocar unha “masacre total”

A utilización de leiras para combustíbel agudizará a fame no mundo, padecida por 854 millóns de persoas

O 16 de outubro, en conmemoración polo nacemento da FAO, celébrase o Día Mundial da Alimentación. Este ano tería sido un máis de protocolos discursos de non ser polo fondo

calado das declaracións públicas do director xeral deste organismo da ONU, o suízo Jean Ziegler, que amais de revelar as aterradoras e vergoñentas estatísticas relacionadas coa fame,

pediu aos gobernos de todo o mundo unha moratoria de cinco anos no cultivo de agrocarburentes para non provocar “unha masacre total”. Só falla que os políticos escoiten.

As cifras sobre a fame son arrepiantes. No mundo padecen desnutrición 854 millóns de persoas. Cada día morren 24.000 seres humanos de fame. As mortes por causas relacionadas coa desnutrición ascenden a 100.000 diarias, é dicir, 35 millóns ao ano. De todas esas mortes, máis de seis millóns corresponden a nenos e nenas menores de cinco anos que finan pola fame ou por enfermidades provocadas pola deficiencia alimentaria.

O paradoxo é que o 75% das persoas que padecen fame no mundo dedícanse á produción de alimentos, ben sexa a través da agricultura, da pesca ou do pastoreo. Máis que paradoxal, é vergoñento que na terra se produzan cada ano alimentos suficientes para manter a 12.000 millóns de persoas, o dobre da poboación mundial actual.

Diante desta catástrofe humanitaria, o director da Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) reclamou a necesidade de facer realidade o dereito á alimentación, un dereito



Dúas caras da inxustiza: Mentres nos países pobres morren seis millóns de nenos e nenas por desnutrición ao ano, nos países ricos moitos permítense o luxo de padecer obesidade. Isto acontece pola distribución aberrante da produción alimentaria no mundo, que dá para manter a 12.000 millóns de persoas anualmente (o dobre da poboación mundial na actualidade). Para facer cinco litros de etanol necesítanse 230 quilos de millo, o mesmo que para alimentar a un neno un ano



que, polo de agora, é só unha intención sobre o papel da Declaración Universal de Dereitos Humanos.

Jean Ziegler afirmou que “garantir a cada ser humano un subministro axeitado e regular de alimentos non é tan só un imperativo moral e un investimento rendíbel en termos económicos, tamén consiste en facer realidade un dereito fundamental, universal e irrenunciábel”.

Desta vez, Ziegler fixo propostas concretas para que este dereito se converta en algo posíbel: unha moratoria de cinco anos no cultivo de agrocarburentes e a acollida da xente esfameada que chega aos países ricos para fuxir da miseria.

O director xeral da FAO non tivo pelos na lingua cando aseverou que “a transformación masiva de plantíos consagrados a alimentos

cara a produción de agrocarburentes vai crear hecatombes. Mesmo se falamos de loitar contra o cambio climático, non hai dereito a esta masacre total”.

Ziegler explicou que para producir cinco litros de etanol son necesarios 230 quilos de millo, unha cantidade suficiente para alimentar a un neno durante un ano. Para Ziegler, a moratoria faise necesaria para dar

tempo a que a comunidade científica desenvolva técnicas que permitan obter agrocarburentes de produtos non comestíbeis, como cactus ou refugallo agri-colas; e a que os países industrializados reduzan o seu actual consumo de combustíbel. “Entendo a necesidade de controlar as emisións de efecto invernadoiro”, dixo o alto mandatario da FAO, “pero non poñela por diante da morte da xente”.

Outros impactos dos agrocarburentes que vaticinou Ziegler foron a alza dos prezos dos produtos básicos, o aumento da presión das agroindustrias por apropiarse das terras labregas, ou o incremento das explotacións de cana con man de obra escrava.

Curiosamente, as esixencias que se impuxeron en materia de agrocarburentes a Unión Europea e Estados Unidos son irrealizábeis no seu solo agrícola, xa que para levalas a cabo a UE tería que empregar o 70% das súas terras agrarias, e os EEUU a súa produción total de millo e soia.

España bate records cos transxénicos ao superar as 75.000 hectáreas de cultivo

A guerra dos transxénicos xa non divide só aos países da Unión Europea; agora, as liortas prodúcense no seo da propia Comisión. É que á Comisaría de Agricultura, Mariann Fischer, tan propensa a autorizar transxénicos a esgalla, saíulle un contestatario no goberno comunitario: o Comisario de Medio Ambiente, Stavros Dimas. De feito, este pediu que non se autorice o cultivo na UE de dúas variedades de

millo manipulado xeneticamente –o 1507 de Syngenta e un do tipo Bt 11– por non estar avaliado o seu impacto sobre o medio ambiente; e mantén paralizada a legalización da pataca Amflora, que contén antibióticos.

Como non podía ser menos, a España do PSOE foi un dos países solicitantes da aprobación dun deses millos de dubidosa reputación. Non en van, e con vistas a superar as marcas do

goberno do PP neste eido, España volveu bater records en superficie cultivada con transxénicos no 2007, superando as 75.000 hectáreas, o que supón un 40% máis có ano pasado e mantén ao Estado español no primeiro posto do podio europeo.

Todo o contrario doutros países como Francia, que vén de prohibir a comercialización de sementes de millo transxénico; Italia, que pediu unha moratoria nas

autorizacións de organismos manipulados pola Axencia de Seguridade Alimentaria (Aesa) por ser pouco rigorosa; Alemaña, que pediu a revisión dos procesos de autorización; ou Austria, que sigue nunha guerra aberta contra a Comisión Europea por prohibir no seu territorio varias variedades de millo manipulado xeneticamente.

Por outra banda, a rede de rexións da Unión Europea a favor dunha agricul-

tura libre de transxénicos –entre elas Euskadi, Asturias e Menorca– están traballando para crear un abastecemento seguro de materias primas para elaborar alimentos para animais libres de OXMs. Neste senso, cómpre destacar que, recentemente, a indicación xeográfica protexida Ternera Asturiana prohibiu os transxénicos na alimentación das reses amparadas por este selo de calidade.



O Congreso tivo intres de grande intensidade, dende o debate das emendas á contenda entre as dúas candidaturas. No centro, a que sen dúbida foi a protagonista do día xunto a Carme Freire, Lidia Senra, á que se lle rendiu unha sentida homenaxe polos seus dezaoito anos de andaina á fronte do Sindicato Labrego

O sétimo Congreso do Sindicato Labrego Galego marcará un antes e un despois en moitos aspectos para esta organización agraria. O primeiro, e se cadra máis visíbel, é que nel, a que fora a súa secretaria xeral nas últimas dúas décadas, Lidia Senra, daba o relevo no cargo.

Das dúas persoas candidatas a sucedela como máxima representante do SLG -Xurxo Álvarez e Carme Freire- foi esta última a que remataría por coller a testemuño ao acadar a súa candidatura 336 votos, fronte aos 113 apoios que recibiu a lista encabezada polo seu contrincante. Aquece aquí unha

“Neniñas! Tirade para adiante que na vida todo se pode gañar”

frase do Gude de Castrillón, que citaba Senra no seu informe sindical ao lembrar o pasamento deste histórico afiliado xunto ao do señor Xulián de Láncaa e o poeta Manuel María: “Neniñas! Tirade para adiante que na vida todo se pode gañar”.

A expectación xerada pola marcha de Lidia Senra da Secretaría Xeral, e o feito de que dúas candidaturas optasen a ocupar o seu posto,

fixo que o sétimo Congreso do SLG, celebrado o 24 de novembro baixo o lema “Dinamismo sindical por unha Galiza rural viva”, fose o máis concorrido da súa historia sindical. A el acudiron boa parte dos 554 delegados e delegadas que, unhas semanas antes, foron elixidos en 33 asembleas comarcais celebradas por todo o país. A esta xente habería que engadir @s representantes

doutras organizacións e persoas convidadas, que ascenderon a unhas 160.

Amais da votación das listas capitaneadas por Carme Freire e Xurxo Álvarez -que achegaron, respectivamente, 11 e 4 membros á Dirección Nacional- os delegados e as delegadas tamén tiveron que pronunciarse sobre a posibilidade de que o Sindicato Labrego se integrase na Coordinado-

ra de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) do Estado, ou seguise mantendo a actual relación baseada nun convenio entrambas organizacións. A pesares de que gañou a primeira das opcións, a integración na COAG non irá para adiante ao acadarse só o 44% dos votos, pois os estatutos do SLG esixían que tomasen a decisión dous terzos do Congreso (o 66%).

Candidatura de Carme Freire

1. Carme Freire Cruces (Roís)
2. Xosé Manuel Parente Conde (Cartelle)
3. Lidia Senra Rodríguez (Vedra)
4. Antonio Carral Sucasas (Lalín)
5. Ana Mª Rodríguez Vázquez (Chantada)
6. Xorxe Albela Silva (Vedra)
7. Adoración María Fernández Cabaleiro (Negueira de Muíiz)
8. Xulio Rodríguez Bermúdez (Mondoñedo)
9. Pilar Guimarei Souto (Cuntis)
10. Raimundo Quintián Prieto (Irixoa)
11. María Pardo Barbeito (Cerceda)
12. Delfín Paz López (Cualedro)
13. Sandra Rodríguez Vázquez (Portomarin)
14. Xosé Luís Pereira Rivas (Forcarei)
15. Mª Nieves López Rivas (Pedrafita)

Suplentes

16. Xoán Vázquez Morado (Miño)
17. Natalia Pallas Barreiro (A Estrada)
18. Carlos Rodríguez Yáñez (Lugo)
19. Cruz Valle Gómez (Muras)
20. Xavier Montes Fuentes (Cospeito)

A nova Direc



“Non estou disposta a representar só aquilo que os gobernos poidan asumir”

Carme Freire comezou a súa intervención comentándolle a Xurxo Álvarez que fixera un discurso moi bo que podería subscribir calquera das persoas presentes “se non estivese comprometido”.

A que sería elixida secretaria xeral do SLG dedicou todo o limiar do seu discurso

a presentarse e falar da explotación que rexenta, xunto ao seu compañeiro, en Liñares (Roís), para concluír confesando que “son unha muller normalíña, como calquera de vós, que sinto e que padece nesta organización, que defende esa outra política agraria que nos afecta a todas e a todos, teñamos a explotación que teñamos, dáme igual que sexa ecolóxica ou non; dáme igual que

sexa pequena, mediana ou grande”.

A raíz do devandito, Freire increpou á outra candidatura preguntando: ¿Serán capaces algúns de que nos enfrontemos entre nós en troques de enfrontarnos ás políticas?”, advertindo que “non podemos deixarllas ás multinacionais o poder máis definitivo que ten un pobo, que é o poder comer a diario. Iso é o que está en xogo, iso é o que estamos a debater hoxe en día nesta organización”

Freire ofreceuse a defender, como secretaria xeral, “os nosos postos de traballo, o noso poder vivir das nosas producións dignamente”, e ofreceu á xente presente a súas “ganas de cambiar o mundo. As ganas de facer un mundo mellor”, ao que engadiu que o SLG, como organización, “leva moitos anos permitíndose querer construír un mundo mellor”.

En canto ás acusacións que se fixeron nos días previos ao Congreso de que a candidatura que representaba Freire era continuista, esta afirmou que si, “que a candidatura que encabezo é completamente continuista,

e a moita honra, ademais. Só faltaría. ¿É que nos podemos permitir non continuar con esta firmeza, non continuar a loita con esta dignidade, non continuar, precisamente, sendo nós quen decidamos, quen propoñamos, quen avancemos? ¿É que toda a xente que leva tantos anos, algúns e algunhas máis de trinta, non deben sentirse orgullosos e orgullosas de que hoxe aquí se presente unha candidatu-

ra continuista da organización que fundaron e que logrou ser representante de toda esa dignidade?”.

E engadiu que “ser continuista tamén significa mellorar” e, para iso, “fai falta querer construír; dar trigo, amais de predicar”. Freire dixo isto último reclamándolle a Xurxo Álvarez a necesidade de “debater e construír entre nós as propostas neste Congreso, nas nosas asembleas e reunións, nas nosas parroquias e non só criticar nos medios de comunicación e non abrir a boca, nestes catro anos, nos organismos do Sindicato Labrego nos que estabas presente”.

Para rematar, Freire deixou ben claro cal debía ser o papel do Sindicato Labrego Galego respecto das institucións, respecto das que defendeu manter unha autonomía e independencia completas e absolutas “para defender, para discrepar e para avanzar con quen sexa”, e afirmou non estar disposta “nin a defender nin a representar só aquilo que os gobernos, calquera goberno, poida asumir; nin só o que os listos nos digan que temos que dicir”.



Carme Freire, secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego

“Cada día decátome máis do potencial e valía da xente que temos no SLG”

Fala de perseguir horizontes. E cando fala, convence, como todo aquel -ou toda aquela- que cre no que fala. É Carme Freire, a nova secretaria xeral do Sindicato Labrego, “unha máis” neste proxecto colectivo que persegue o horizonte de termos unha Galiza rural viva “con actividade agraria, con veciñanza, cunha produción de alimentos para manter á cidadanía”. E iso con independencia de que aos gobernos lles alcance a tanto a vista ou non. Carme é desas que, cos pés ben chantados na terra da súa explotación en Rois, soña con mudar o mundo.

■ **Suceder a Lidia Senra, vaia reto...**

Si, é un reto, pero nunca pensei na sucesión de Lidia como unha cuestión persoal. Se así fose, xa non pensaría na sucesión, pois Lidia significou e seguirá significando algo que é moi difícil de superar.

Como teño claro iso, o reto está a ser moi doado. Estouno vivindo con moita ilusión, e co convencemento de que temos unha grande organización. Era algo que xa sabía, pero cada día decátome máis do potencial e valía da xente que temos, sexan afiliados e afiliadas, ou traballadores e traballadoras. Con esa xente ao meu carón, é doado.

■ **Falando de retos, supoño que terá moitos como secretaria xeral do SLG**

Eu non teño retos como secretaria xeral. Os retos

que temos serán sempre colectivos. Nese senso, debemos afondar nas grandes liñas que trazamos no Congreso como guieiro do Sindicato Labrego Galego para defender a nosa agricultura, para defender algo tan relevante e merecente como é a produción de alimentos.

O reto sería que esa liña de traballo vaia dando pasos cara a adiante nos vindeiros catro anos, que se vaia concretando e se vaia vendo que é posíbel.

Estes días, os xornalistas preguntábanme: ¿de verdade cres que é posíbel ese mundo rural vivo? ¿Que é posíbel vivir da agricultura? E eu respondía: a parte de que eu o crea, crémo-lo nesta organización e por iso facemos propostas. Non as facemos para que fiquen no papel.



Carme Freire rexenta en Liñares (Rois), unha explotación multifuncional de horta, froita e gando, xunto ao seu compañeiro

“Colaborando con outras organizacións podemos mudar o mundo”

■ **No seu discurso como secretaria xeral falou de perseguir horizontes. ¿Que horizontes persegue o Sindicato Labrego?**

Eses horizontes son, nin máis nin menos, que esa posibilidade de termos un mundo rural vivo na Galiza, en Europa e no mundo é posíbel. Esos horizontes fan que teñamos que loitar, mesmo ás veces contra nós mesmos e nós mesmas, para que creamos niso, para que teñamos a ilusión necesaria cada día para facer propostas e seguir por ese camiño con toda a forza que merece o desexo de vérmolos rodeados de actividade agraria, de veciños e veciñas, de produción de alimentos para toda a cidadanía.

Outro horizonte é esa utopía de crémonos que, colectivamente, podemos; de que as organizacións sociais cada vez teñen máis sentido e serven para algo, de crémonos que a nosa organización e as nosas demandas pagan a pena.

Temos que superar a sensación de ver o vaso medio baleiro. Como organización, e en colaboración con outras organizacións, podemos mudar o mundo, mudar a política agraria; mesmo podemos facerlle ver aos gobernos que somos nós, as persoas, quen construímos o poder. Se o poder non se constrúe en base ás persoas e en base á defensa das persoas, aí seguiremos estando moitos e moitas para facerlle fronte e construír esoutra maneira de facer sociedade, de facer política, de facer poder.

“A agroecoloxía é unha aposta política, non un modelo produtivo”

■ **Un dos temas de discusión do Congreso foi se o Sindicato Labrego defendía só ás explotacións que practican un determinado modelo.**

É certo que houbo confusión entre moitos afiliados e afiliadas sobre que era o que se propoñía cando se falaba de defender un modelo de produción agroecolóxica. O que se propoñía era defender ese modelo diante de todos os gobernos, precisamente para avanzar cara a el a través de medidas concretas. Polo tanto, isto non se refería ás explotacións, senón que se tratou de facer que o Sindicato Labrego oriente o seu traballo de cara a que os gobernos poñan sobre a mesa medidas para facer unha política agraria baseada na agroecoloxía. Dende logo, esta proposta non deixa fóra a ningunha explotación.

■ **Daquela, ¿a agroecoloxía vai máis alá dun simple modelo agrario?**

Por suposto. A agroecoloxía é unha aposta política, non é un modo de produción. Pode existir a confusión entre agricultura ecolóxica e agroecoloxía, pero non é o mesmo. A agricultura ecolóxica está definida, na actualidade, como un modo de produción no que non se utilizan insumos de síntese química, pero non vai máis alá; a agricultura ecolóxica non cuestiona, sequera, a sustentabilidade social, ambiental ou económica das explotacións; dálle igual se o produto é cultivado a miles de quilómetros de distancia por labregos e labregas explotados e sen dereitos laborais. Precisamente, a agroecoloxía afonda en todo este tipo de cuestións de tipo económico, ambiental e social e busca unha sustentabilidade global que as inclúa a todas. Esa é a diferenza.

■ **Tamén se debateu, por activa e por pasiva, como deben ser as nosas relacións coas institucións públicas.**

Debateuse se as organizacións sociais como a nosa deben facer só propostas que a Administración poida asumir; ou se debemos seguir facendo propostas que, aínda que non sexan asumíbeis a medio ou longo prazo, manteñan ao descuberto toda unha

serie de materias pendentes polas que tanto os labregos e labregas como a cidadanía debamos seguir mobilizándonos para facer posíbel ese mundo mellor.

E, en concreto, para que sexa posíbel algún día que haxa alimentos sans e de calidade para todo o mundo; para que sexa posíbel un mundo rural habitado na Galiza, con xente vivindo en moitas zonas que hoxe están despoboadas; etcétera. A nosa obriga é propoñelo tanto en ámbito galego, como estatal, europeo ou mundial.

■ **Unha das cuestións que non prosperou foi a de integrarse na COAG.**

Creo que nese debate a afiliación concluíu que a proposta non estaba suficientemente madura como para decidir se perdíamos ou non a nosa autonomía. Persoalmente, creo que a decisión que se adoptou é a mellor, xa que se a afiliación non está convencida suficientemente de facer esa incorporación, co que supón de perda e de ganancia, é preferible agardar a que madure a decisión antes de forzala.

O Sindicato Labrego defendeu en Bruxelas os intereses do agro galego

A revisión médica da PAC para o 2008 ameaza a sectores estratéxicos da Galiza como o viño ou o leite

Dacabalo entre novembro e decembro, o responsábel de relacións internacionais do SLG, Xosé Ramón Cendán, tivo unha apretada axenda en Bruxelas, onde, o 28 de novembro, o Consel-

lo de Ministros de Agricultura se reuniu para falar da revisión médica da Política Agraria Común (PAC) para o 2008. Ese día, Cendán participaba nunha manifestación por unha PAC al-

ternativa e, sen tempo para o descanso, reuniase o 4 de decembro coa Comisaria de Agricultura; e participaba, dous días despois, na Conferencia sobre a Revisión Médica da PAC.

Non máis rematou o sétimo Congreso, unha delegación do Sindicato Labrego Galego –integrada por Xosé Ramón Cendán, Isabel Vilalba e Marcos Louzao– viaxou ata Bruxelas para poder participar, o 26 de novembro, na manifestación en defensa da agricultura labrega europea e dunha Política Agraria Común (PAC) feita á medida das persoas e das explotacións; unha PAC alternativa que faga posíbel un mundo rural vivo.

Na manifestación participaron unha trintena de organizacións e foi convocada pola coordinadora europea da Vía Campesina, a Coordinadora Labrega Europea (CPE) e a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG). As mobilizacións coincidiron coa reunión do Consello Agrícola da Unión Europea en Bruxelas xusto nun intre no que se está a debater a reforma da PAC, coñecida como “revisión médica”, que se vai realizar en 2008. Xa pola tarde, houbo entrevistas con Jaime Silva, presidente do Consello Agrario Eu-



Cendán, segundo pola dereita, reuniuse coa Comisaria, no centro, para reclamar outra PAC

ropeo; e cunha representación do Parlamento comunitario.

Segundo o responsábel de relacións internacionais do Sindicato Labrego, Xosé Ramón Cendán, “esta reforma vai a afectar de cheo ao medio rural en xeral –coa redución drástica dos fondos económicos neste capítulo dos orzamentos comunitarios–; ou a sectores agrarios

tan importantes para nós como o leiteiro, coa anunciada liberalización do mercado ao suprimirse o control das cotas; ou o vitivinícola, cunha reforma da organización común de mercado (OCM) en beneficio dos intereses das grandes empresas e multinacionais”.

Contra isto, o SLG defendeu un control da produción leiteira baseado nun

reparto xusto e solidario do dereito a producir; unha vitivinicultura de calidade que respecte e potencie a produción labrega, as diversidades xeográficas e as nosas denominacións de orixe; e uns prezos xustos para todos os sectores que cubran os custos de produción nas explotacións e remunere dignamente o traballo de labregos e labregas.

“A Ministra aposta por manter os privilexios dos terratenentes”

A nivel estatal, o SLG fixo un chamamento á Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, para que dese un cambio de rumbo á posición española nestas negociacións, pois atenta directamente contra o futuro do medio rural galego. En palabras de Cendán, que participou nas mobilizacións de Bruxelas, “A Ministra de aposta por manter os privilexios dos grandes cerealistas, olivareiros e demais terratenentes do Estado; e por apoiar políticas contrarias aos intereses das pequenas e medianas explotacións, que son a práctica totalidade das que temos en Galiza”.

Diante disto, Freire e Cendán demandaron “un cambio de rumbo nas políticas defendidas polo Ministerio por estar en contra do mundo rural vivo que defendemos”.

Defensa firme da agricultura labrega diante da Comisaria de Agricultura

Chegado o 4 de decembro, Xosé Ramón Cendán reuniase coa Comisaria de Agricultura da Unión Europea, Mariann Fischer Boel. Cendán acudiu ao encontro no seo dunha comitiva, xunto a membros da COAG e da CPE, e en calidade de membro da Executiva desta última. Na xuntanza, Cendán e o resto da delegación, volveu denunciar diante da Comisaria o fracaso dunha PAC que o único que acadou, ata o de agora, foi empeorar a situación de to-

dos os sectores agrarios e gandeiros da Unión Europea. De feito, o número de produtores e produtoras non deixa de diminuír, as rendas da agricultura labrega familiar baixan, e os xeitos de produción demasiado intensivos e *enerxívoros* continúan a desenvolverse, consolidando un modelo agrario insostíbel e de grande impacto no cambio climático.

Finalmente, o 6 de decembro, Xosé Ramón Cendán participou na Confe-

rencia sobre a Revisión Médica da PAC, onde denunciou que a nova reforma semella estar mellor deseñada para responder aos retos da revolución verde do século pasado, que para solucionar os problemas que temos no novo milenio. Para argumentar o seu posicionamento, Cendán botou mans de informes da Organización de Nacións Unidas (ONU) e do seu organismo para a agricultura e a alimentación (FAO), e defendeu que a reforma da PAC



Trinta organizacións agrarias europeas e de Turquía concoreiron á manifestación do 28 de novembro en Bruxelas

debía ter como piar fundamental a defensa dos activos agrarios para manter un mundo rural vivo, e a produción de alimentos sans en base a modelos agrícolas respectuosos co

medio ambiente. Respecto disto último, Cendán destacou o papel determinante que un modelo axeitado de agricultura pode xogar á hora de frear o cambio climático.

Gando limiao para manter vivo o monte en Agolada e prever lumes

Frouma desenvolve un proxecto de aproveitamento gandeiro para a comunidade de Trascastro, Val e Aián

A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Trascastro, Val e Aián ten os seus predios –monte Farelo e Costa da Pena– na parroquia de San Mamede de Trabancas, no concello

pontevedrés de Agolada, a medio camiño entre Antas de Ulla (Lugo), Melide (A Coruña) e Lalín. Trabancas non escapa á tónica do interior galego, e sofre un importante avellenta-

mento da poboación, amais dun significativo índice de emigración de xente nova cara a núcleos urbanos máis poboados. Non en van, Agolada está na listaxe de zonas desfavorecidas.

A Comunidade de Montes en Man Común de Trascastro, Val e Aián ten 251,38 hectáreas de extensión na súa totalidade, situadas nun abano de altitudes que vai dos 595 metros na cota inferiro, aos 950 no punto máis alto.

A situación actual destes montes caracterízase pola elevada calidade e profundidade do solo, presenza de varias repoboacións de piñeiros duns oito anos de idade, proliferación de mato e abundantes de pasteiros naturais. Por este mesmo motivo, existe un interese primordial, dentro das diferentes posibilidades que ofrece o monte, por reducir o risco de incendios forestais e pola introdución de aproveitamentos complementarios, incluíndo o cebo de gando sen estabular como medio para preservar a paisaxe medioambiental e etnográfica da parroquia, ademais de xerar postos de traballo.



Os pasteiros naturais, en medio de repoboacións de piñeiros, caracterizan a paisaxe dos montes da parroquia de Trabancas

67 hectáreas de pasteiros á procura dunha certificación ecolóxica

A metodoloxía deste proxecto implica un aproveitamento silvopastoril, utilizando o pasto das diferentes parcelas de xeito rotacional e extensivo, alternativamente, dependendo das necesidades.

Desta maneira, acádase un mellor control sobre o mato e un mellor aproveitamento do pasto. Un dos obxectivos deste método de explotación é o de conseguir, no futuro, a certificación ecolóxica.

O aproveitamento silvopastoril realizarase con gando bovino de raza Limiá. Trátase dunha raza autóctona galega en perigo de

extinción, rústica, produtiva e de gran envergadura.

A superficie de monte proxectada para aproveitar de maneira silvopastoril ascende a 67,35 hectáreas que, inicialmente, non van ser totalmente pastoreadas, xa que o monte presenta diferentes condicións vexetativas. O resto vaise reservar para un aumento da carga gandeira, paralelo ao crecemento dos piñeiros que non permitirán o pastoreo na superficie que ocupan ata dentro de tres anos, evitando así os danos ás masas novas.

As 67,35 hectáreas estarán pechadas, permitindo realizar unha rotación inter-

na con axuda de pastores eléctricos. Tamén se implantará un pasteiro de 10 hectáreas para complementar a dieta do gando bovino, mellorando a calidade bromatolóxica e nutricional dos pasteiros, sobre todo durante o verán, cando existe escaseza de pasto no resto do monte. Deste xeito, poderanse realizar tamén dúas segas ao ano e almacenar silos de herba para o inverno.

O gando estará sempre ceibe, coa intención de que a unidade gandeira se manteña no propio monte, sen necesidade de mercar alimento exterior. Trátase de



A raza bovina limiá considerouse a máis idónea, pola súa rusticidade, para criar nos montes agolenses

tentar que sexa o propio monte o que manteña ben alimentado ao gando. Para acadar isto, só cómpre levar unha boa rotación do gando polas parcelas, o que axudará a manter a calidade dos pastos.

Para a idoneidade deste proxecto será necesario un

bo manexo do gando. Amais dos peches e da implantación dun pasteiro de dez hectáreas dos que se falou antes, tamén se disporá dun punto de auga fixo e varios bebedoiros móbiles, e se construírá unha manga de manexo e un pequeno refuxio.

A Comisión Europea ameaza ao viño galego coa reforma da OCM

O SLG manifestouse para reclamar un apoio claro do Ministerio de Agricultura á vitivinicultura de calidade

A Comisión Europea segue teimando nunha reforma da Organización Común de Mercado (OCM) do Viño que, tal e como está redactada, só beneficia ás grandes multinacionais do sector, e ameaza o futuro dos viños de calidade

e das denominacións de orixe. O SLG manifestouse o 12 de decembro ante a subdelegación do Goberno en Ourense para pedirlle ao Ministerio a súa oposición e, chegado o caso, o seu dereito a veto nas negociacións.

A manifestación de Ourense encadrábase nunha campaña de protestas organizadas en todo o Estado pola Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG). Nela, estiveron presentes a secretaria xeral do SLG, Carme Freire, e o responsable da Dirección do Viño do sindicato, Manuel Docampo, xunto a un cento de viticultores e viticultoras vidos de toda a xeografía galega.

A reforma da OCM do Viño, que marcará as directrices do sector en toda a Unión Europea, supón unha grande ameaza para Galiza e para o modelo de vitivinicultura de calidade polo que se está apostando cada vez máis forte e que é a razón de ser das nosas denominacións de orixe, modelo que defende o Sindicato Labrego.

Respecto disto, Docampo explicou que “o máis duro desta reforma é a liberalización das plantacións de viñado que, de ir para adiante, significaría que calquera podería plantar vides onde lle petase. A reforma sería letal para as nosas denominacións de orixe ao incluír unhas normas para a etiquetaxe que xerarán confusión e fraude por permitir que figure a caste de uva e o ano da colleita. Isto é así porque se podería envasar viño con uva procedente de calquera parte do mundo e sen estar sometido aos controis e normativas de ningún consello regulador. A reforma da OCM, tal e como está, supón entregarlle o sector vitivinícola en bandexa a unhas poucas multinacionais. A isto último axudarían outras normas previstas, como prohibir as axudas para comercializar dentro da Unión Europea e só dalas



Viticultores e viticultoras de toda Galiza acudiron a secundar a manifestación do SLG

para exportar, co cal quedarían excluídas as pequenas e medianas adegas que non exportan, que son o meirande en Galiza e en Europa”.

Por todo o devandito, Manuel Docampo esixiu unha viraxe radical na reforma da OCM do Viño e

unha postura clara do Ministerio de Agricultura que, en caso de non lograr unha normativa acorde aos intereses da vitivinicultura de calidade e das denominacións de orixe, debería recorrer ao dereito de veto do Estado Español. Agora

mesmo, a posición do Ministerio de Agricultura respecto da reforma da OCM segue a ser confusa e a Ministra, Elena Espinosa, “só lanzou consignas mediáticas e electoralistas, pero sen apuntar ningunha medida concreta”.

Cómpre manter os dereitos de plantación e reforzar as DOs

O Sindicato Labrego Galego ten intención de seguir defendendo un modelo de vitivinicultura de calidade, “no que aínda se pode afondar máis con respecto ao que xa se ten feito, e nesa dirección ten que ir a reforma da Organización Común de Mercado do Viño”, afirmou Docampo.

E nesa defensa, e na posición contraria á reforma da OCM tal e como está redactada “non está o Sindicato Labrego só”, asegurou o sindicalista, “están tamén todas as denominacións de orixe, as asociacións e cooperativas do sector, case todas as comunidades autónomas e boa parte das organizacións agrarias europeas”. Respecto disto último, cómpre lembrar que, grazas a mocións presentadas polos vocais do SLG, os consellos reguladores de Rías Baixas e O Ribeiro xa se pronunciaron contra esta reforma.

Polo demais, a OCM que pide o SLG baséase nos seguintes puntos:

- Mantemento dos dereitos de plantación como sistema de control do potencial produtivo e de defensa do patrimonio dos viticultores e viticultoras.
- Mantemento do presuposto histórico asignado a Galiza.
- Evitar transferencias orzamentarias cara a medidas xenéricas de desenvolvemento rural: os diñeiros do sector vitivinícola deben ir destinados para o propio sector.
- Reforzamento do sistema de denominacións de orixe.
- Apoiar á Comisión Europea na súa proposta de supresión da chaptalización (adición de azucre ao mosto).
- Non autorizar a etiquetaxe con información sobre a anada ou a caste de uva nos viños de mesa.

O SLG reclama o Pazo de Baión para Condes de Albarei ou Martín Códax

O Sindicato Labrego Galego fixo público o seu apoio ás dúas cooperativas vitivinícolas do Salnés, Martín Códax e Salnesur (Condes de Albarei), na venda pública que se vai facer do Pazo de Baión, confiscado ao narcotraficante Laureano Oubiña e poxado agora dentro do Plan Nacional sobre Drogas do Estado. Este inmoible, a parte do seu valor económico, ten ao redor 22 hectáreas de viñado plantadas con cepas de uva Albariño.

Para o Sindicato Labrego Galego é fundamental que as propiedades do Pazo de Baión sexan mercadas por calquera das dúas cooperativas do Salnés en liza, xa que estamos a falar de empresas punteiras de carácter cooperativo ligadas dende sempre á denominación de orixe Rías Baixas, que teñen moi boas relacións comerciais cos seus socios e socias e cos viñedos que lle subministran uva, e das que dependen economicamente un grande número de familias da bisbarra.

Sen dúbida, o Pazo de Baión en mans de calquera destas dúas cooperativas contribuiría ao fortalecemento económico e empresarial do sector vitivinícola de Rías Baixas.

Nembargante, non acontecería o mesmo se resultan vencedoras da poxa empresas como Freixenet ou García Carrión, ambas foráneas, sen raíces na denominación de orixe Rías Baixas.

■ Viños de calidade versus espumosos e de mesa

O caso de García Carrión, vinculada á denominación de orixe Jumilla, é paradigmático no mal trato a viticultores e viticultoras, xa que esta é a zona vitícola na que menos se paga a uva de todo o Estado español.

Tampouco se pode dicir que ningunha das dúas sexan famosa por elaborar caldos de calidade; máis ben son coñecidas polo seu liderado no eido dos espumosos, como Freixenet, e dos viños de mesa, como García Carrión.

O Sindicato Labrego Galego dobra a súa presenza no pleno do Craega

Gabino Vázquez non repetirá e segue aberto o proceso xudicial que o imputa por presuntas irregularidades

Coa elección dun novo pleno para o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega) comeza unha nova etapa. Destacan o cambio de presidente –Gabino Vázquez foi ce-

sado en maio e non se presentou á re-elección-, ou o incremento de vocais do Sindicato Labrego –Charo Sánchez e Xosé Ramón Vázquez relevan a Ágatha Bröskamp-. Polo demais,

segue aberto o proceso por falsificación documental no que están imputados, Gabino Vázquez, o secretario do Craega e o seu actual presidente, Xosé Antonio Fernández Álvarez.

O sector ecolóxico está a traballar contra o abandono do rural galego, no mantemento da nosa paisaxe e cultura e na consolidación dun xeito de produción estratéxico para o noso país dende un punto de vista económico.

Potenciar a agricultura ecolóxica supón potenciar o desenvolvemento dun modelo multifuncional, creativo e atractivo que recupere a memoria campesiña e a autonomía das labregas e dos labregos; un modelo que parte dun manexo en base a parámetros de calidade, de xestión racional e sostible dos recursos naturais, e do mantemento do medio social. En definitiva, a agricultura ecolóxica é un xeito de producir que ten en conta as necesidades das produtoras e dos produtores, por unha banda, e da cidadanía; necesidades que deben estar sempre por riba dos intereses monetarios e de poder do gran mercado.

■ Continuidade do traballo de Broeskamp

Polo devandito, temos que ser conscientes da importancia de dar continuidade o traballo da vocal do Sindicato Labrego no Craega, Ágatha Bröskamp. Se así o facemos, poderemos manter a esperanza de que, no futuro, o Craega terá un funcionamento transparente e plenamente democrático na toma de decisións.

O Craega é unha boa ferramenta de loita e resistencia contra a globalización, xa que liga a produción ás persoas e á terra, ás variedades autóctonas e locais e ás prácticas e culturas tradicionais. Por iso, no Sindicato Labrego somos conscientes da impor-



Xosé Ramón Vázquez e Charo Sánchez Parga relevarán a Ágatha Bröskamp no Craega

tancia de involucrarnos no traballo do Craega, co fin de que a certificación ecolóxica traballe ao servizo dos labregos e labregas e non se converta nunha mera ferramenta das grandes industrias distribuidoras.

As produtoras e produtores, @s cooperativistas, somos fundamentais no mantemento do carácter do Craega. Fronte a nós, os grandes grupos económicos que operan no sector poden converterse nos nosos inimigos na medida en que sigan acumulando a produción e o mercado, na medida en que procuren a homoxeneización dos alimentos e a deslocalización da produción.

A hexemonía mercantil e competitiva acaba eliminando a pequena produción agroalimentaria labrega, cuxo espazo pode rematar por ser usurpado por empresas ou sociedades anónimas que concentran a produción e a distribución onde lles é máis vantaxoso. Crear as condicións para o desenvolvemento dunha soberanía alimentaria, implica asumir como labregas e

labregos as nosas responsabilidades fronte o sistema actual de produción.

■ O novo regulamento europeo

A valoración que facemos dende o Sindicato Labrego do novo regulamento comunitario para a agricultura ecolóxica é negativa. Esta normativa responde máis ás presións da agroindustria cós intereses das labregas e labregos ou da cidadanía.

Así, o novo regulamento supón un paso atrás, pois ábrele as cancelas aos transxénicos e permite a ambigüidade de produtos de síntese. Dende a súa flexibilidade, a norma permite interpretacións que poden provocar diferenzas rexionais, sen regulación da restauración colectiva e sen a introdución de aspectos sociais na certificación.

O novo regulamento facilita, ademais, a creación de marcas de certificación en detrimento dunha certificación pública, transparente e democrática pola que o Sindicato Labrego vén apostando dende os inicios da

produción ecolóxica. Temos que seguir demandando unha certificación da agricultura ecolóxica pública e gratuíta, en contra da tendencia á privatización que esta a vivir o sector ecolóxico no Estado Español.

Para o SLG, é vital que as regras de aplicación sexan adecuadas tanto para protexer a integridade da agricultura e da alimentación ecolóxicas, como para garantir un sector ecolóxico vibrante e con éxito.

As labregas e labregos, gandeiras e gandeiros, reclamamos un regulamento comunitario que supere a permisividade latente no CE834/2007 e que permita o crecemento e o desenvolvemento dun modelo ecolóxico e social, dende os intereses do sector produtor e dende as demandas da sociedade.

■ Plan de Desenvolvemento da Agricultura Ecolóxica (PDAE) en Galiza

O Sindicato Labrego é consciente que debe ser interlocutor coa Consellería do Medio Rural para acadar

que o Plan de Desenvolvemento da Agricultura Ecolóxica de Galiza (PDAE) sexa de verdade unha ferramenta operativa para o desenvolvemento do sector no noso país. Neste senso, é necesario deseñar un plan de acción que promova unha alimentación baseada nos criterios agroecolóxicos e se basee nun compromiso social que teña en conta a multifuncionalidade da agricultura ecolóxica.

■ Tolerancia cero para os transxénicos

Outra das nosas grandes teimas é que a agricultura ecolóxica non admita ningún grao de contaminación transxénica. Neste particular, o SLG avoga por unha tolerancia cero á presenza de OXMs nos alimentos ou produtos ecolóxicos. Por iso, para o SLG é unha necesidade continuar co traballo emprendido de cara a acadar que o noso país sexa declarado Zona Libre de Transxénicos, como xa fixeron Asturias, o País Vasco ou Baleares.

■ Positiva para reducir o efecto invernadoiro

A agricultura ecolóxica é un sistema produtivo que non contribúe ao cambio climático. A contribución da produción ecolóxica á redución do efecto invernadoiro xerado por outras prácticas agrarias, industriais e sociais, é un servizo ambiental non recoñecido.

As políticas agroambientais deben de recoñecer o potencial da produción ecolóxica para a redución da emisión de gases con efecto invernadoiro. Que se teña en conta esta faceta da agroecoloxía é unha tarefa nosa como sector e temos que colaborar activamente na mesma.

A Comisión Europea elimina as medidas de apoio ás labregas

Non haberá discriminación positiva para incentivar a incorporación de mulleres á actividade agraria

A Comisión Europea decidiu eliminar as escasas medidas de discriminación positiva para incentivar a incorporación de mulleres á actividade agraria. Neste mundo de “merchan-

dising”, “imaxes corporativas”, “logos”, e “creación de iconas para os mass media”, proliferan coma comelos as mensaxes de compromiso con moitas causas xustas, entre elas a

loita pola igualdade das mulleres. Só faltaría. Mágoa que exista unha teimosa realidade de decisións e medidas que non só non avanzan neste eido, senón que supoñen un retroceso.

O 24 de outubro, o Comité de Desenvolvemento Rural da Unión Europea aprobou o marco nacional de desenvolvemento rural do Estado Español, programa no que se recollen importantes medidas para o noso agro como as axudas dos planos de incorporación á actividade agraria, de mellora das explotacións agrarias, as axudas agroambientais, as liñas Leader, etcétera. Para esta aprobación, o Comité europeo esixiulle ao Ministerio de Agricultura que eliminase as axudas específicas dirixidas a mulleres nas liñas de apoio á incorporación na agricultura.

Todo isto acontece no ano para a igualdade de oportunidades e despois de que, en outubro de 2007, a Comisión de Dereitos da Muller e Igualdade



Isabel Vilalba, sendo aínda responsábel da Secretaría das Mulleres, estivo en Bruxelas, o pasado 27 de novembro, para denunciar as políticas desenvolvidas pola Unión Europea

de Xénero do Parlamento Europeo emitise un informe que revela que as mulleres

do rural non reciben o recoñecemento laboral, nin a protección e remuneración

que lles corresponde. Este documento incide en que nas zonas rurais hai unha

evidente falta de infraestruturas de formación e de servizos de interese social que lle afecta directamente ás mulleres; ou que a significativa contribución feminina ao desenvolvemento local e da comunidade non queda reflectida na participación de mulleres nos procesos de toma de decisións.

Outras análises conclúen que é necesaria a integración da perspectiva de xénero como elemento estratéxico “non só para promover a igualdade entre mulleres e homes senón tamén para o crecemento económico e un desenvolvemento rural sostible”. Isto vén a demostrar que a análise da realidade e a decisión concreta de cómo se inviste o diñeiro público camiñan por vieiros totalmente opostos.

Paradoxo: Permitir a discriminación para fomentar a igualdade

Paradoxicamente, a Comisión Europea argumenta a eliminación das axudas específicas para os expedientes promovidos por mulleres baseándose no artigo 8 do Regulamento Europeo de Desenvolvemento Rural, 1698/2005, onde di: “os estados membros e a Comisión fomentarán a igualdade entre homes e mulleres e velarán porque durante as distintas fases de execución do programa se evite toda discriminación por razóns de sexo, raza ou orixe étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual”.

En nome da igualdade de oportunidades, elimínanse as escasas medidas de apoio a un colectivo claramente desfavorecido!! Algo

que ninguén se atreve, nin a Comisión Europea, a pór en dúbida. Estase a cuestionar a lexitimidade de apoiar a un colectivo que non parte dunha situación de igualdade de oportunidades e de dereitos, e todo isto nun contexto no que xa se ten avaliado que hai moitas menos mulleres que reciben axudas ca homes. Mesmo, entre os expedientes presentados, os das mulleres son os de moita menor contía.

Cómpre lembrar que a ONU ten recoñecido que hai moitas formas de violencia sobre as mulleres. Ademais das violencias física, psicolóxica, etcétera; a privación de recursos ou o mantemento das mulleres na precariedade económica é unha forma de violencia

que non ten menos importancia cás anteriores.

■ 35.000 labregas da Galiza afectadas

En Galiza, 35.000 mulleres son consideradas “axudas familiares” nas explotacións agrarias. Isto é, traballan normalmente cos seus cónxuxes pero o titular da explotación é o home. De maneira moi xenérica, as mulleres son titulares das explotacións máis pequenas e con máis dificultades; tamén teñen a titularidade cando son solteiras ou viúvas. Hai moitos bens e dereitos que só se lle recoñecen ao titular da explotación: cotas do leite, dereitos de axuda, a capacidade para obter os ingresos ao seu nome, o recoñecemento para



En Galiza hai 35.000 traballadoras labregas que seguen a ser consideradas aínda “axudas familiares” nas explotacións

tomar decisións na xestión da explotación... A estas mulleres que pasan toda vida traballando nas explotacións, mesmo se lles cuestiona que traballen, como aconteceu recentemente

cando se lles negou a axuda de nais traballadoras con fillos e fillas menores de tres anos. Á Comisión Europea podería aplicárselle aquel dito de “Unha cousa é predicar e outra dar pan”.

Programa de abandono da produción leiteira e cesións temporais de cota

O Ministerio de Agricultura publicou no Boletín Oficial do Estado do pasado 5 de decembro a Orde APA/3541/2007, pola que se convoca el programa estatal de abandono de la produción láctea e se establece un prazo de presentación de solicitudes de autorización de cesións temporais de cuota leiteira para el período 2007/2008.

As solicitudes para o abandono da produción leiteira poderán presentarse ata o 25 de decembro. O abandono poderá afectar á totalidade ou a unha parte da produción, e o produtor ou produtora deberá facelo efectivo antes do 1 de abril de 2008. Estableceuse unha indemnización de 19 céntimos por quilo de cota.

En canto ás cesións temporais de cota, poderanse presentar solicitudes ata o 20 de febreiro de 2008.

Poden solicitar máis información en calquera oficina do Sindicato Labrego Galego.

Sistema especial para traballadores e traballadoras agrari@s por conta propia incluídos no réxime especial de autónom@s (SETCPA)

Os requisitos para a inclusión no Sistema Especial para Traballadores e Traballadoras por Conta Propia Agrarios/as a partir do 01/01/2008 (tamén para as novas altas ou cambio de encadramento desde o 01/08/07):

- Ser maior de 18 anos e titular dunha explotación agraria
- Obter, mínimo, o 50% da renda total da realización de actividades agrarias ou complementarias.
- Que o 25% da renda total proceda directamente da actividade agraria.
- O tempo de traballo dedicado as actividades agrarias ou complementarias debe ser superior a metade do tempo de traballo total.

Os rendementos anuais netos obtidos da explotación agraria por cada titular non poden superar o 75% da base máxima de cotización do Réxime Xeral (en cómputo anual), para este ano: 26.964,90 €

A redución do 30% para cónxuxes pasa de 3 a 5 anos, segue a ser para menores de 40 anos e agora tamén se poderían acoller os/as descendentes, pero nin re-

coñece as parellas de feito, nin as persoas maiores de 40 anos, nin é sobre o total que se cotiza senón sobre as Continxencias Obrigatorias (ano 2008: 45,96 €, calculo feito base mínima)

En decembro do 2007 a Seguridade Social emite resolución de cambio de encadramento.

En xaneiro do 2008 hai que pagar o cupón correspondente a decembro de 2007 (sistema vello) e xaneiro 2008 (xa que no RETA a recadación é o mesmo mes que a cotización). Na carta que vos está chegando estes días, dáse a posibilidade de aprazar o pago da cota de xaneiro do novo sistema.

Segundo a Seguridade Social, vaise poder facer até 31 de maio, pero falta por saír unha norma na que se concrete o prazo para solicitar este aprazamento (podedes preguntar no local do Sindicato cando sae a norma establecendo este prazo, que en todo caso ten que ser moi proximamente).

Os tipos de cotización son:

- ▶ 18,75% Continxencias cobertura obrigatoria (comúns)

▶ 3,30 % Incapacidade Temporal dado que a Lei di: tipos vixentes no RETA).

▶ 1% IMS(AT/EP) Se non escolle a cobertura de Continxencias Profesionais

▶ Continxencias profesionais (accidentes de traballo e enfermi-

dades profesionais) segundo o epígrafe que lle corresponda.

Se alguén quixera cotizar por unha base superior a base mínima; a diferenza entre a base mínima de Autónomos e Autónomas e a que se escolla cotizaría os tipos de Autónom@s.

Solicitud de cambio de encadramento: autónomos e autónomas con actividade agraria ao sistema especial de traballadores e traballadoras agrari@s por conta propia

■ A partir do 01/08/07 abriuse un prazo de seis meses para solicitar o cambio de encadramento as persoas que coticen no RETA (autónomos/as) e cumpran os requisitos sinalados anteriormente para quedar encadrados/as no novo sistema agrario.

■ Documentación a entregar:

1. Copia da declaración do IRPF do ano 2006
2. Modelo TA 0531.

Entraría en vigor o mes seguinte da solicitude.

A base de cotización será a mesma que se tiña no RETA.

Opción de incapacidade persoal

A pesar de quedar nun sistema especial dentro de Autónomos/as, a cobertura por Incapacidade Temporal e Continxencias Profesionais segue a ser voluntaria para os labregos e as labregas.

A xente que non teña actualmente dereito á prestación de incapacidade temporal (baixas) e queira ter este dereito, vai ter até o 29 de febreiro para solicitalo.

AVISO: A xente que queira facer o aprazamento dunha das dúas cotas á Seguridade Social que hai que pagar en xaneiro, que pase polos locais do Sindicato Labrego Galego na primeira quincena de xaneiro

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

Tractor CASE DT de 95 CV, con 600 horas. Bo prezo.
Chamar ao 639 629 403

Véndese

Desensiladora de bocado McHALE, de tres botellas.
Chamar ao 608 879 938

Véndese

Herba seca en rulos de boa calidade. No Deza.
Chamar ao 666 667 445

Véndese

Desbrozadora lateral hidráulica.
Chamar ao 689 752 400

Véndese

Tractor FIAT F-110 con pa.
Chamar ao 657 955 300

Véndese

Abonadora marca AGUIRRE de 500 quilos. En bo estado.
Preguntar por Manuel no teléfono 626 334 770

Véndese

-Remexedora de zurro con botella hidráulica.
-Autocargador pequeno.
-Segadora autopropulsada de peite BCS.
-Arado de dúas vertedoiras.
-Ensiladora de millo de un rego.
Preguntar por Serxio no teléfono 657 103 467

Véndese

-Poldro dos pés, para vacas.
-Grade rotativa.
Chamar ao 669 839 647

Véndese

Porcos cebados de maneira tradicional. En Vilalba.
Chamar ao 982 525 133

Véndese

Cisterna de 3.000 litros, marca CARRUXO.
Chamar ao 982 502 280, a partir das 10 da noite.

Véndese

Vacas frisonas próximas ao parto.
Chamar ao 981 605 270

Véndese

2 xatas de raza Asturiana dos Vales, e unha Rubia Galega.
Chamar ao 982 391 008

Véndese

Remolque agrícola en bo estado, preparado para rulos.
Chamar ao 626 334 770

Véndese

Galiñas de Mos.
Chamar ao 982 502 214

Véndese

Circuito de muxido GASCOIGNE de 4 puntos, lavado automático, 26 metros de tubo.
Chamar ao 669 808 644

Véndese

Tractor NEW HOLLAND modelo TM 120, de 124 CV e 650 horas de traballo.
Preguntar por Carlos no teléfono 659 886 492

Véndese

Vacas de carne preñadas, con cría ou sen ela. En Teixeira.
Chamar ao 653 781 267

Véndese

Furgoneta PEUGEOT Partner en bo estado, con gancho de remolque e a ITV pasada.
Chamar aos números de teléfono 981 788 575 e 690 619 241

Véndese

Xato de tres meses para semental. Procedente de transferencia de embrións da UTE de Gandería CID, de Barreiros.
Chamar ao mediodía ao teléfono 982 156 318

Véndese

Herba seca en rulos deste ano.
Chamar ao 981 695 588

Véndese

Touro de raza Cachena de cinco anos. Manso e tranquilo.
Preguntar por María Casal no teléfono 986 682 423

Véndese

-Circuito de muxido GASCOIGNE de 3 puntos e lavado automático.
-Tanque de frío.
Chamar ao 620 306 456

Véndese

-4 lamiás (llantas) marca MOMO de 5 buracos, montadas en cubertas de coche.
-4 rodas novas de lamiá 15.
-Empacadora marca FIAT, modelo pequeno.
-Autocargador MERLINI con documentación.
-Pico hidráulico.
-Remolque de tractor de roda ancha, con laterais altos e ferros adaptados para levar os fardos de herba.
-Coche AUDI 80 1.8 a gasolina.
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260

Véndese

Autocargador de 30 m³, con eixe tándem e descarga hidráulica.
Chamar ao 667 877 125

Véndese

Herba seca en rulos.
Chamar ao 981 681 103

Véndese

Vacas de carne e porcos cebados en Arzúa.
Chamar ao 626 315 059

Compra - Venda - Troco

Véndese

Tractor LAMBORGHINI de 80 CV e 5.000 horas de traballo. Mo ben tratado.
Preguntar por Francisco no teléfono 982 144 248

Véndese

Quentador eléctrico marca THERMOR. Capacidade 100 litros. Semínovo. 3 anos de garantía. Prezo 200 euros.
Preguntar por Delia nos teléfonos 982 168 060 e 661 586 023

Véndese

Herba seca en rulos de boa calidade. Na comarca do Deza.
Chamar ao 666 667 445

Véndese

Desensiladora STRAUMAN, con poldro e un angazo acoroador.
Chamar ao 679 444 017

Véndese

-Circuíto de muxido de catro puntos ALFA LAVAL. Con seis anos.
-Tanque de leite de 700 litros. Oito anos, en bo estado.
Chamar ao 608 883 987

Véndese

Segadora rotativa DCS, de 4 discos, 1,70 de corte.
Preguntar por Xosé Luís no teléfono 982 179 601

Véndese

-Rolos de herba seca.
-Colleras vacas (10 a 12). En Cospeito (Lugo).
Chamar ao 982 505 755

Véndese

Enfriadeiro de aceiro inoxidable. Capacidade de 200 litros.
Chamar ao 646 462 785

Véndese

Millo do país.
Chamar polas noites ao teléfono 986 585 263

Véndese

Dúas desbrozadoras de 1'20 e 1'40 m. Custe de 900 e 1.000 euros, respectivamente.
Preguntar por Xoán Carlos no teléfono 616 572 148

Véndese

Dúas xovencas con cartas, próximas ao parto.
Preguntar por Xosé Ramón no teléfono 982 121 174

Véndese

Depósito de gasóleo de 400 litros, homologado.
Preguntar por Xosé María no teléfono 982 140 956

Véndese

-Segadora ringleiradora marca RAPID, en moi bo estado.
-Porcos cebados e para recría.
-Rolos de herba seca.
Preguntar por Xabier no número de teléfono 699 396 665

Véndese

Vaca frisona.
Chamar ao 626 334 770

Véndese

Patacas baracas. 1.500 quilos.
Preguntar por María Xosefa no teléfono 982 159 965

Véndese

Eguas marcadas de pura raza galega. Varias capas (negra e castaña).
Chamar ao 609 864 738

Véndese

Vinte rulos de herba seca.
Chamar ao 651 116 854

Véndese

-Touro moi bo, de raza Rubia Galega.
-Muíño de martelos para tractor.
Chamar ao 620 571 533

Véndese

-Circuíto de muxido WESTFALIA de tres puntos
-2 tanques de frío de 800 e 220 litros de capacidade.
Chamar aos números de teléfono 982 164 656 e 653 188 104

Véndese

Vinho do país rosado e augardente.
Chamar ao 986 689 486

Véndese

-Rolos e pacas de herba seca.
Preguntar por Xosé Lois no teléfono 676 168 523.

Véndese

Herba seca en paca grande. Outeiro de Rei (Lugo).
Chamar ao 982 393 241

Véndese

-Raigrass italiano extra.
-Herba seca en pacas pequenas, grandes ou rolos.
Chamar ao 881 060 123

Véndese

Rotativo BONINO semínovo.
Chamar aos números de teléfono 982 164 200 e 600 059 284

Véndese

Rotoempacadora JONH DEERE 570.
Preguntar por Emilio no número de teléfono 982 541 079

Véndese

-Seat Panda con enganche.
Chamar ao 630 385 203

Véndese

Vaca frisona.
Chamar ao 660 072 558

Véndese

Volkswagen Passat, con 183.000 quilómetros.
Chamar ao 982 183 019

Véndese

120 ovellas. En Cartelle (Ourense).
Preguntar por Pedro no teléfono 988 491 289

Véndese

Abellas. En Goiriz (Vilalba).
Chamar aos números de teléfono 982 527 364 e 661 332 650

Véndese

Mel libre de químicos.
Chamar ao 689 173 250

Véndese

Tanque de leite ALFA LAVAL de 2.100 litros e 2 muxidos. En Abellá (Frades).
Preguntar por Modesto no 649 626 231 e 665 086 362

Véndese

-Catro lamias (llantas) de marca MOMO, de cinco buratos montadas en cubertas novas.
-Catro rodas de coche, de lamia 15.
-Autocargador MERLINI con documentación.
En Paradela de Sarria (Lugo).
Chamar ao 610 258 060

Véndese

-Estrulladora e bomba para trasfegar viño, ambas trifásicas.
-Estufa de leña.
Preguntar por Xulio no número 636 900 607

Véndese

Mitsubishi Montero 2.800. Particular. En moi bo estado.
Chamar ao 676 970 504

Véndese

Cuba de madeira en bo estado.
Chamar ao 982 172 663 entre as 2 e as 3 da tarde.

Véndese

Empacadora VICON 404.
Chamar ao 982 302 390

Véndese

-Rotativa de 2 puntos de 1'85.
-Cisterna galvanizada de 3.000 litros.
Chamar ao 676 739 142

Véndese

Remolque agrícola de 7.000 quilos, marca ANDO, en bo estado, con baldeira e balderín, ITV pasada. Ten 1 eixo e rodas de 18 lonas.
Chamar ao 610 537 699

Véndese

Tractor PASQUALI de 22 CV. En bo estado. Revisado. Prezo: 6.000 euros.
Preguntar por Manolo no teléfono 988 404 034

Véndese

Carro das vacas.
Chamar a partir das 10 da noite ao 981 196 673

Véndese

Autocargador CALAGRI.
Chamar ao 609 146 788

Véndese

-Sala de muxido marca MANUS, con retiradores e medidores volumétricos. Bo prezo.
-Tanque de frío marca FONSERET, de 2 muxidos.
Chamar ao 620 062 581

Véndese

Tractor de 100 CV con 4.000 horas de traballo. Prezo moi económico.
Chamar ao 636 096 079

Véndese

Tanque de 650 litros con dous motores. En Lugo.
Chamar aos números de teléfono 660 688 876 e 982 175 675

Véndese

-4 ovellas e un carneiro de raza Merina.
-Vaca preñada de sete meses de raza Rubia Galega.
Todo saneado.
Preguntar por Primo no teléfono 982 144 112

Véndese

Viño da DO Rías Baixas da Cooperativa Moraima, en Barro.
Chamar aos números de teléfono 986 711 206 e 679 400 756

Véndese ou alúgase

Nave de 33 vacas en Chantada.
Chamar aos números de teléfono 982 441 505 e 687 082 210

Véndese

Sulfatadora de 1.000 litros con marcadores de escuma.
Chamar ao 690 828 935

Véndese

Xovencas frisonas con carta, próximas ao parto.
Chamar ao 608 879 938

Véndese

-Circuíto de 4 puntos semínovo, en moi bo estado.
-Tanque de frío de 650 litros.
-Quentador de auga de 100 litros.
-Desensiladora.
-Tractor 470.
Chamar ao 981 727 501

Véndese

Por peche de explotación:
-Carro mesturador vertical de 12 m³, coitelas hidráulicas, cinta alimentadora desprazable a ambas bandas e pé hidráulico. Pouco uso.
-Tractor MASSEY FERGUSON 8.120 Dyn assist, de 150 CV, con 2.000 horas e primeiras rodas.
-Sala de muxido ALFA LAVAL de 6 puntos, medidores volumétricos e programador de lavado.
Chamar ao 608 879 938

Véndese

Xovencas frisonas.
Chamar ao 667 877 125

COMPRAS

Mércase

Fresa de 1'20 para BJR.
Preguntar por María Xesús no teléfono 699 348 754

Mércase

Pa EBRO 470 ou tractor con pa.
Chamar ao 629 411 979

Mércase ou alúgase

Terreo para usos agrarios nun radio de 10 quilómetros de Teixeira.
Chamar ao 653 781 267

Mércanse

Tubos galvanizados.
Chamar ao 638 067 100

Mércase

Mesa de xerminación.
Chamar ao 609 634 819

OUTROS

Búscase

Traballador ou traballadora para unha explotación de leite en Teixeira. Boas condicións.
Chamar ao 653 781 267

Arréndase

Propiedade con instalacións e vivenda en Lugo. 20 hectáreas.
Chamar ao 661 208 020

Instálanse

Sistemas de calefacción con estufas de pallets e caldeiras de biomasa. ECOALOR. Calefacción ecolóxica subvencionada.
Preguntar por Xosé no 678 643 119 ou en ecocalor@hotmail.com

Necesítase

Persoa para traballar nunha granxa de vacún de leite.
Interesad@s chamar ao número 628 616 664

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliado@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quítanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



sindicato
labrego galego
comisións labregas
dinamismo sindical

Executiva do SLG: Novas caras para os novos tempos



O pasado 10 de decembro, a Dirección Nacional emanada do sétimo Congreso do Sindicato Labrego reuníase en Compostela. Neste primeiro encontro, os seus membros tiñan por diante a tarefa de elixir ás persoas que se encargarán, nos vindeiros catro anos, de asumir a responsabilidade de coordinar o labor do SLG nas súas diversas fronteiras de traballo. Velaí a nova Executiva...

Carme Freire, secretaria xeral



Lidia Senra, secretaria de organización e finanzas



Adolfo Cabarcos Saavedra, secretario de sectores gandeiros



Xosé Manuel Parente, secretario de sectores vexetais



Ana Rodríguez, secretaria de desenvolvemento rural



Manuel Docampo, secretario de relacións laborais



Charo Sánchez, secretaria de medio ambiente, terra e montes



Mariano Pazos Currais, secretario de formación e servizos



Isabel Vilalba, secretaria de servizos ao rural e soberanía alimentaria



Xosé Manuel Calvo, secretario de organización territorial e estruturas